



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MIÑO

Resolución da Alcaldía de avocación de competencias

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver que con data 08.07.2019, mediante Resolución núm. 535/2019, esta Alcaldía delegou en materia de xestión económica financeira e contratación na Xunta de Goberno Local as adjudicacións de contratos de obras, servizos, subministros, etc., por importe superior a 30.000 euros en obras e 6.000 euros en servizos ou subministracións, da que se deu conta ao Pleno na sesión extraordinaria de organización de 11.07.2019.

Logo de ver que dita delegación comprende as facultades de resolución que afectan a terceiros e considerando que unha xestión eficaz e áxil, ao amparo do principio de inmediatez, require da adopción de acordos diarios en materia de gastos de xestión ordinaria.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

RESOLVO:

PRIMEIRO.–Avocar con carácter permanente a competencia de adjudicar os contratos de obras, servizos, subministros, etc., por importe superior a 30.000 euros en obras e 6.000 euros en servizos ou subministracións, asumida pola Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución desta Alcaldía de delegación de competencias de data 08.07.2019, para proceder a axilizar a tramitación dos gastos de xestión ordinaria, polo que a Alcaldía se reserva a adjudicación dos contratos menores.

SEGUNDO.–Publicar a presente Resolución no BOP da Provincia, sen prexuízo de que produza efectos dende o mesmo día da súa sinatura, de conformidade co disposto no artigo 44.2. do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

TERCEIRO.–Notificar a presente Resolución aos membros da Xunta de Goberno Local e dar traslado da mesma a todas as áreas e departamentos do Concello para o seu coñecemento e efectos.

CUARTO.–Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello a efectos de que quede decatado do seu contido, de conformidade co establecido no artigo 44.4 en relación co 38 d) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Miño, 17 de novembro de 2020.

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. A secretaria

Alejandra Rodríguez Menéndez

2020/9020